

**INSTANCIA DE SOLICITUDE PARA POSTO DE "OPERARIO DE SERVIZOS  
VARIOS"**

D. \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_ anos de idade, de profesión \_\_\_\_\_, domicilio en \_\_\_\_\_, municipio de \_\_\_\_\_ e teléfono nº \_\_\_\_\_

**EXPÓN :**

1. Que está enterado/a da convocatoria de contratación laboral (por 12 meses) do posto de "operario de servizos varios", que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia do 26-5-2010.
2. Que coñece con detalle as bases da convocatoria aprobadas por acordo da Xunta de Goberno do 14-5-2010, en especial que a data das probas será o 17-6-2010.

Estando interesado/a na provisión de tal praza laboral temporal con xornada de 40 horas semanais

**SOLICITA :**

a súa **admisión** ao proceso selectivo por reunir todas e cada unha das condicións esixidas na base 2ª da convocatoria, para o que aporta a seguinte documentación:

- fotocopia do DNI.
- fotocopia compulsada de acreditación de experiencia laboral en traballos relacionados.
- xustificante de pago dos dereitos de exame (6 euros).
- fotocopia compulsada do permiso de condución.
- fotocopia compulsada da titulación posuída sobre a formación específica (fontanería, electricidade e gas).
- fotocopia compulsada doutros méritos valorables (especificar): \_\_\_\_\_

OBSERVACIÓNS:

Irixoa, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010  
O/A SOLICITANTE

Sr. alcalde  
CONCELLO DE IRIXOA

**ANEXO**  
**BASES PARA SELECCIÓN DE 1 OPERARIO DE SERVICIOS VARIOS**

**1ª. OBXECTO:** É a provisión temporal de 1 praza de "operario de servizos varios", coas seguintes características:

-XORNADA: 8 horas diarias en principio, aínda que serán compensadas no caso de realizar servizos extraordinarios o sábado.

-DURACION: 12 meses, do 22 de xuño do 2010 ata o 21 de xuño de 2011.

-TAREFAS: conducción do microbús municipal para realización dun servizo social, traballo con maquinaria municipal (tractor, desbrozadora, etc), así como atencións aos servizos múltiples municipais (mantemento, reparacións básicas, control de funcionamento dos servizos de abastecemento e saneamento, lecturas contadores, control cloración, etc.).

-RETRIBUCIÓN: 1.000 euros brutos ao mes, máis 2 pagas extras completas ao ano; no ano 2011 as retribucións terán o incremento estipulado nos orzamentos xerais do estado.

**2ª. REQUISITOS:** Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) ser español, ou cidadán de calquera país da Unión Europea, con idade comprendida entre os 18 e os 65 anos.

b) non padecer defecto o enfermidade física ou psíquica que impida o correcto exercicio das funcións establecidas.

c) dispoñer dos permisos de conducción dos tipos B, C1, C e BE (obrigatorio todos), ou equivalentes.

d) non ter sido separado da función pública por procedemento administrativo ou xudicial.

e) non estar incurso en causas de incompatibilidade, de conformidade co establecido na Lei 53/1984, normativa electoral e da función pública.

f) ter pagados os dereitos de exame do proceso, que se establecen en 6 euros.

**3ª. INSTANCIAS:** Os interesados presentarán instancia para tomar parte na convocatoria, debendo manifestar que reunen todas e cada unha das condicións esixidas na base 2ª, con prazo desde o día 1 ao 15 de xuño de 2010, en horario de 9:00 ás 15:00 horas (sábados de 10 a 13 horas).

Á instancia adxuntarase fotocopia do DNI, así como xustificante do ingreso dos dereitos de exame, fotocopia do permiso de conducción e da documentación que xustifique os méritos.

**4ª. SELECCIÓN:** O día 17 de xuño de 2010 constituirase o tribunal calificador para realizar os seguintes cometidos do proceso:

a) declarar a admisión ou inadmisión de cada aspirante.

b) valorar os méritos alegados con arreglo á base 6ª.

c) realizar unhas probas a todo os aspirantes admitidos ás 10:30 horas con arreglo á base 7ª, á cal quedan convocados os mesmos coa mera presentación da instancia.

**5ª. TRIBUNAL:** O Tribunal calificador estará composto polas seguintes persoas:

Presidente: D. Alejandro Alonso Figueroa, secretario municipal e licenciado en dereito.

Vogais: D. Francisco Couceiro Faraldo, traballador social municipal.

Dª. María Isabel Bouzón López, traballadora municipal.

D. Juan Amado Cachaza, persoal laboral do Concello de Vilarmaior.

Secretario: D. José Fernando Espada Orgeira, ou funcionario en quen delegue, con voz e voto.

**6ª. MERITOS:** Consideraranse como méritos valorables, cun máximo total de 11 puntos por aspirante, os seguintes:

- a) posesión de formación específica en temas de fontanería, electricidade e gas e permisos oficiais de instalador: 2 puntos por cada rama autorizada, cun máximo de 4.
- b) experiencia laboral en traballos similares de conducción en transportes de persoas ou mercancias: ata 2 puntos, con 0,03 ptos. máximo por mes completo, a valorar polo tribunal.
- c) experiencia laboral en posto similar en concellos da provincia da Coruña de poboación inferior a 10.000 habitantes: ata un máximo de 2 puntos, con 0,06 puntos por mes completo.
- d) experiencia laboral en labores similares no Concello de Irixoa: ata un máximo de 3 puntos, con 0,1 puntos por mes completo.
- e) contar con outros permisos de conducción de vehículos de categoría superior (non motos): 0,3 puntos por cada un (agás o BTP que se valorará con 0,5 puntos), ata un máximo de 1,50 puntos.
- f) outros méritos apreciábeis polo tribunal para o posto (traballos de encargado, permisos, cursillos relacionados co posto, etc.): ata 1 punto.

**7ª. PROBAS:** Os aspirantes admitidos someteranse obrigatoriamente ás seguintes probas:

- unha proba escrita tipo test de respostas alternativas cunha duración máxima de 30 minutos, sobre dos aspectos teórico-prácticos e organizativos do traballo a desenrolar, segundo o temario, con puntuación máxima de 6 puntos. As respostas incorrectas penalizaranse cun 50% do valor da pregunta. Para superar a proba deberá obterse un mínimo de 2,5 puntos.
- unha proba práctica que determinará o tribunal, versando sobre cometidos manuais da praza, na que se valorará a idoneidade, disposición e destreza dos aspirantes, con puntuación máxima de 6 puntos. Para superar a proba deberá obterse un mínimo de 2,5 puntos.

O tribunal, en función da idoneidade de cada aspirante, fará proposta de contratación para o que, superando as probas, obtivera maior puntuación no conxunto do proceso (méritos + probas), así como de designación de suplente para quen obtivera a segunda mellor puntuación, a efectos de incidencias e suplencias. En caso de empate será seleccionado o aspirante que obteña maior puntuación na proba práctica, e se persiste a igualdade desempatará a maior puntuación na proba escrita. Se persistira o empate atenderase ao aspirante que maior puntuación teña nos apartados a), b), c), d), e) e f), sucesivamente, da base 6ª de méritos; se aínda así non se chegara a un desempate realizarase un sorteo público.

**8ª. CONTRATO:** O Concello, representado polo Alcalde, e a persoa seleccionada firmarán o pertinente contrato laboral, fixándose un período de proba de 15 días. Seleccionarase tamén ao seu suplente para cubrir calquera eventualidade no servizo.

## TEMARIO

### PARTE XERAL:

1. A Constitución Española de 1978. Principios xerais e valores que a inspiran. Principais institucións políticas. Dereitos e deberes fundamentais.
2. O réxime local español. O municipio. Organización básica municipal. Competencias principais dos municipios.
3. Dereitos e deberes dos funcionarios e do persoal laboral da Administración Local.

### PARTE ESPECIAL:

1. Regulamento Xeral de Circulación de Vehículos: normas de comportamento.
2. Regulamento Xeral de Circulación: sinais de tráfico.
3. Regulamento Xeral de Circulación: documentación, sancións e procedemento.
4. Vehículos: mecánica e mantemento básico.
5. Servizo municipal de abastecemento de auga: actuacións habituais.
6. Servizo municipal de saneamento: mantemento básico.
7. Pequenas reparacións eléctricas
8. Termo municipal de Irixoa: parroquias, lugares e vías de comunicación.

9. O centro de saúde de Irixoa: servizos e funcionamento básico.
10. Servizos públicos, de titularidade pública e privada, no termo de Irixoa.